




INFOGAUDA: UN ESPACIO DE INFORMACIÓN TRANSFRONTEIRIZA. PARA CONTACTAR COA REDACCIÓN:
infogauda@yahoo.es

26 set, 2016

CULTURA

Valentín García inaugura en Vigo o XI ciclo 'Escritores na Universidade'

Este ciclo de mesas redondas é froito da colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística coa Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo



O secretario xeral de Política Lingüística en funcións da Xunta de Galicia, Valentín García Gómez, participou este mediodía en Vigo na inauguración do XI Ciclo de mesas redondas 'Escritores na Universidade'

Infogauda / Vigo

O secretario xeral de Política Lingüística en funcións da Xunta de Galicia, Valentín García Gómez, participou este mediodía en Vigo na inauguración do XI Ciclo de mesas redondas 'Escritores na Universidade' que se celebra desde hoxe, Día Europeo das Linguas, e ata o 19 de outubro na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, centrado na temática 'Teoría de contrarios'.

García Gómez destacou a boa saúde da literatura galega e a calidade excepcional dos seus autores e valorou ambos como “factores prestixiadores do idioma galego que deben seguir actuando mentres se

incorporan outros novos, como o uso na investigación e divulgación científica ou o valor no mercado laboral”. Neste sentido, sinalou que “unha xornada coma a de hoxe, Día Europeo das Linguas, orientada a potenciar a diversidade lingüística do noso continente, semella especialmente adecuada para botar a andar unha iniciativa coma a que nos reúne aquí, que aspira a divulgar a literatura en galego”.

Acompañaron o secretario xeral na mesa inaugural Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG); Rexina Vega, profesora da Facultade de Filoloxía e Tradución, coordinadora do ciclo e integrante da AELG; Beatriz Rodríguez, vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución; Xosé Henrique Costas, director do departamento de Filoloxía Galega.

I Ciclo 'Escritores na Universidade' desenvolverase ao longo dos meses de setembro e de outubro baixo o título xeral de “Teoría de contrarios”. Na primeira das súas mesas redondas, celebrada hoxe, interviñeron Susana Sánchez Arins e Xesús Constela, quen, baixo o título “Literatura e/ou mercado?”, reflexionaron sobre o concepto de gran público no sistema literario galego.

O próximo 5 de outubro, ás 10:00 h, o salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución acollerá a mesa “Poesía ou performance?”, no curso da cal Iolanda Zúñiga e Silvia Penas tratarán dos límites difusos entre ambas. Na mesma hora e lugar celebrárase, o 19 de outubro, a derradeira mesa de debate, “Drama ou posdrama?”, coa intervención de Avelina Pérez e de Manuel Lourenzo, que se ocuparán da vixencia do drama e do posdrama no relato teatral contemporáneo.

A entrada é libre en todos os casos e o programa completo pódese consultar [premendo aquí](#).

Colaboración coa Asociación de Escritores da Lingua Galega

'Escritores na Universidade' é unha iniciativa da AELG en colaboración coa Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e da Consellería de Cultura e Educación a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A Consellería, mediante un convenio de colaboración, apoia esta e outras actividades da AELG que inciden na difusión da obra dos escritores en lingua galega, como as visitas de escritores a Centros de Estudos Galegos dependentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o II Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil que se celebra na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense (Universidade de Vigo) ou o XIII Curso de formación continua 'As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora'.